

SAN PEDRO DE ROCAS

Puerta a la Ribeira Sacra
Porta à Ribeira Sacra



PUBLICACIONES
PROVINCIA DE OURENSE

Ribeira Sacra

«Hermoso nombre evocador de una realidad pasada -medieval o premedieval- que nunca designó comarca o entidad administrativa ninguna y que todavía hoy, a pesar de su fama, es de difícil delimitación».

«Fermoso nome evocador dunha realidade pasada -medieval ou premedieval- que nunca designou ningunha comarca ou entidade administrativa e que aínda hoxe, a pesar da súa fama, é de difícil delimitación».

Pérez Rodríguez Francisco Javier
Mosteiros de Galicia na Idade Media. Guía Histórica (Séculos XII-XV)
Ed. Deputación Provincial de Ourense, 2008

SAN PEDRO DE ROCAS

ESGOS



Estamos ante el único monasterio de Galicia que conserva parte de su estructura original. Se trata de unas cuevas artificiales excavadas en la roca. Estas dieron lugar, en la edad media, a la cabecera de una iglesia.

El origen de este lugar como centro de vida religiosa con oración en comunidad, se remonta a tiempos anteriores al año 573, ya que fue en esa fecha cuando cinco varones, Eufrasio, Eusanio, Quinedio, Eatio y Flavio, recibieron "algo" en herencia en San Pedro de Rocas. Esto quedó escrito en una lápida pétreo encontrada en la iglesia y que hoy está en el Museo Arqueológico Provincial de Ourense. Los cinco varones no son los fundadores de Rocas, sino los herederos, que recibían una herencia de tipo cristiano. Esto es evidente por las cruces que aparecen labradas en el documento epigráfico.

Tras años en los que no existen noticias, en el año 1007 aparece un documento que cuenta que a finales del siglo IX, un caballero llamado Gemodus, yendo de caza, se encontró unas ruinas abandonadas. Él y otros caballeros que lo acompañaban, decidieron quedarse a vivir allí haciendo vida de retiro y oración y Gemodus fue nombrado abad por sus compañeros. Se trata de una leyenda, como las que hay en muchos monasterios de origen incierto.

Este recinto se puede relacionar con la llegada del cristianismo a través del norte de África y con los lugares en los que dicha religión se desarrolla a partir de eremitorios rupestres como este.

Estamos ante o único mosteiro de Galicia que conserva parte da súa estrutura orixinal. Trátase dunhas covas artificiais escavadas na rocha. Estas deron lugar, na idade media, á cabeceira dunha igrexa.

A orixe deste lugar, como centro de vida relixiosa con oración en comunidade, remóntase a tempos anteriores ao ano 573, xa que foi nesa data cando cinco varóns, Eufrasio, Eusanio, Quinedio, Eatio e Flavio, recibiron "algo" en herdanza en San Pedro de Rocas. Isto quedou escrito nunha lápida pétreo encontrada na igrexa e que hoxe está no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Os cinco varóns non son os fundadores de Rocas, senón os herdeiros, que recibían unha herdanza de tipo cristián. Isto é evidente polas cruces que aparecen labradas no documento epigráfico.


Lago de anos nos que non existen noticias, no ano 1007 aparece un documento que conta que a finais del século IX, un cabaleiro chamado Gemodus, indo de caza de caza, atopou unhas ruínas abandonadas; el e outros cabaleiros que o acompañaban, decidiron quedarse a vivir alí facendo vida de retiro e oración e Gemodus foi nomeado abade polos seus compañeiros. Trátase dunha lenda de orixe incerta, como as que hai en moitos mosteiros.

Este recinto pódese relacionar coa chegada do cristianismo a través do norte de África e cos lugares nos que a dita relixión se desenvolve a partir de eremitorios rupestres como este.

SAN PEDRO DE ROCAS ESGOS

Origen incierto pero,
con total seguridad, anterior al S.VI d.C.

Orixe incerta pero, con total seguridade, anterior ó S.VI d.C.



PUBLICACIONES

REPÚBLICA DE GALICIA

MONASTERIO BENEDICTINO MASCULINO

La arquitectura de su iglesia es un ejemplo de cómo pudieron originarse todos los monasterios de la Ribeira Sacra. El paso de eremitorio a monasterio podemos percibirlo perfectamente con una visita.

Se trata de una muestra "in situ" de cómo en la Península Ibérica se pasó de la vida eremítica (varias personas orando en solitario) a la vida cenobítica (varias personas que oran en comunidad). Aunque se pasó a la vida monástica, hay constancia de la pervivencia de eremitas alrededor de este monasterio incluso en el siglo XV.

En San Pedro de Rocas podemos palpar esa realidad. Es un caso único en Galicia e aunque existen otros en Europa, los ejemplos son muy escasos.

Ya en su vida monástica, fue el priorato más importante del Monasterio de Celanova desde aproximadamente 1199.

En la actualidad muestra, en lo que fue su antigua casa prioral, un centro de interpretación de la vida monástica en la Ribeira Sacra.

Destaca su campanario situado sobre un alto monolito de piedra, aunque el gran valor del lugar reside en la iglesia, cuya cabecera son tres cuevas excavadas en roca.

MOSTEIRO BENEDICTINO MASCULINO

A arquitectura da súa igrexa é un exemplo de como puideron orixinarse todos os mosteiros da Ribeira Sacra. O paso de eremitorio a mosteiro podemos percibirlo perfectamente cunha visita.

Trátase dunha mostra "in situ" de como na Península Ibérica se pasou da vida eremítica (varias persoas orando en solitario) á vida cenobítica (varias persoas que oran en comunidade). Aínda que se pasou á vida monástica, hai constancia da subsistencia de eremitas arredor deste mosteiro incluso no século XV.

En San Pedro de Rocas podemos palpar esa realidade. É un caso único en Galicia e aínda que existen outros en Europa, os exemplos son moi escasos.

Xa na súa vida monástica, foi o priorado máis importante do Mosteiro de Celanova desde aproximadamente 1199.

Na actualidade amosa, no que foi a súa antiga casa prioral, un centro de interpretación da vida monástica na Ribeira Sacra.

Destaca o seu campanario situado sobre un alto monólito de pedra, aínda que o gran valor do lugar reside na igrexa, cuxa cabeceira son tres covas escavadas na rocha.

VISITA A LA RIBEIRA SACRA

VISITA Á RIBEIRA SACRA

Para llegar a San Pedro de Rocas, tomar la carretera OU-536, que va de Ourense a Manzaneda. A unos 16 km de Ourense y antes de llegar al pueblo de Esgos, en Tarreirigo, encontramos un desvío a la izquierda hacia el monasterio.

Desde San Pedro de Rocas, continuar el recorrido por la carretera local, bastante sinuosa, dirección Luíntra, pasando por Loña do Monte y llegando a Luíntra. Continuar hasta Santo Estevo de Ribas de Sil (6 km).

Por la misma carretera, ir hacia Parada de Sil, no sin antes parar en el Mirador de Cabezoas, una de las panorámicas más impresionantes de los Cañones del Sil. También es posible, en el pueblo de Loureiro, saliendo de Santo Estevo, coger el desvío al embarcadero donde el catamarán de la Ribeira Sacra hace un itinerario por el río Sil.

Llegados a Parada de Sil, en el inicio del pueblo, hay un desvío a la izquierda que lleva al monasterio de Santa Cristina de Ribas de Sil. También se puede coger un camino que nos lleva a los Balcones de Madrid, los miradores sin duda más conocidos.

Desde allí, por la carretera que lleva a Vilariño Frio, después de 1 km por la C-536, desviarse hacia la derecha, al pueblo de Montederrama, para visitar el Monasterio de Santa María.

Desde aquí, continuar ruta hasta Castro Caldelas, para conocer su Castillo y, ya de regreso, en la misma carretera OU-536, visitar el monasterio Xunqueira de Espadanedo.


Para chegar a San Pedro de Rocas, toma-la estrada OU-536, que vai de Ourense a Manzaneda. A uns 16 km de Ourense e antes de chegar á poboación de Esgos, en Tarreirigo, encontramos un desvío á esquerda cara ó mosteiro.

Desde San Pedro de Rocas, continua-lo percorrido pola estrada local, bastante sinuosa, dirección Luíntra, pasando por Loña do Monte e chegando a Luíntra. Continuar ata Santo Estevo de Ribas de Sil (6 km).

Pola mesma estrada, ir cara a Parada de Sil, non sen antes parar no Mirador de Cabezoas, unha das panorámicas máis impresionantes dos Canóns do Sil. Tamén é posible, na poboación de Loureiro, saíndo de Santo Estevo, colle-lo desvío ó embarcadero onde o catamarán da Ribeira Sacra fai un itinerario polo río Sil.

Chegados a Parada de Sil, no inicio do lugar, hai un desvío á esquerda que leva ó mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil. Tamén se pode coller un camiño que nos leva ós Balcóns de Madrid, os miradoiros sen dúbida máis coñecidos.

Desde alí, pola estrada que leva a Vilariño Frio, despois de 1 km pola C-536, desviarse cara á dereita, á poboación de Montederrama, para visita-lo Mosteiro de Santa María. Desde aquí, continuar ruta cara a Castro Caldelas, para coñece-lo seu castelo e, xa de regreso, na mesma estrada OU-536, visita-lo mosteiro Xunqueira de Espadanedo.



Mapa cedido polo Padroado de Turismo de Ourense

SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL NOGUEIRA DE RAMUÍN

No hay documentación sobre este monasterio anterior al S. X y nada queda en él de época prerrománica en la que se intuye su origen, un origen eremítico.

Non hai documentación sobre este mosteiro anterior ó S.X e nada queda nel de época prerrománica, na que se intúe a súa orixe, unha orixe eremítica.




PUBLICACIONES
DEPARTAMENTO DE PUBLICACIONES

MONASTERIO BENEDICTINO MASCULINO

Fue, al menos desde el siglo XII, el principal monasterio de la llamada Ribeira Sacra y todavía hoy es considerado como uno de los más notables de Galicia.

De su época medieval casi nada se conserva, siendo la mayor parte del edificio de la edad moderna. Su fachada es barroca. Destacan sus tres hermosos claustros, uno de ellos se inicia en la etapa medieval del edificio y se conoce como el claustro de los Obispos.

La iglesia tiene su origen en el siglo XII y en su interior se puede ver el que se conoce como "Retablo Pétreo" de la misma época, en el que se representan los doce apóstoles y, en el centro, Cristo en actitud de bendecir. De interés son también los retablos de la iglesia.

En la actualidad este monasterio alberga un Parador de Turismo

MOSTEIRO BENEDICTINO MASCULINO

Foi, polo menos desde o século XII, o principal mosteiro da chamada Ribeira Sacra e aínda hoxe é considerado como un dos máis notables de Galicia.

Da súa época medieval non se conserva case nada, sendo a maior parte do edificio da idade moderna. A súa fachada é barroca. Destacan os seus tres fermosos claustros, un deles iníciase na etapa medieval do edificio e coñécese como o claustro dos Bispos.

A igrexa ten a súa orixe no século XII e no seu interior pódese ver-lo que se coñece como "Retablo Pétreo" da mesma época, no que se representan os doce apóstoles e, no centro, Cristo en actitude de bendecir. Tamén son de interese os retablos da igrexa.

Na actualidade este mosteiro alberga un Parador de Turismo.

SANTA CRISTINA DE RIBAS DE SIL

PARADA DO SIL

De origen eremítico,
aunque fue fundado en el S.IX,
y se sabe muy poco de él hasta el S. XIII.

De orixe eremítica, aínda que foi fundado no S.IX, e
sábese moi pouco do ata o S.XIII.




PUBLICACIONES
DEPUTACIÓN DE OURENSE

MONASTERIO BENEDICTINO MASCULINO

Monasterio de pequeño tamaño, que evidencia su escasa comunidad monástica. Nunca debió de tener más de una docena de monjes.

Existió como casa independiente pero después dependió de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Del monasterio sólo se conservan algunas dependencias. Destaca la puerta de acceso en forma de arco decorado.

Son interesantes las lápidas sepulcrales de abades de los siglos XIV y XV.

Su iglesia es un buen ejemplo de arquitectura románica, siglos XII y XIII. Destaca su triple ábside. En el interior coloristas pinturas murales del siglo XIX.

Es muy interesante el entorno y el paisaje en la parte trasera del monasterio.

MOSTEIRO BENEDICTINO MASCULINO

Mosteiro de pequeno tamaño, que evidencia a súa escasa comunidade monástica. Nunca debeu ter máis dunha ducia de monxes.

Existiu como casa independente pero despois dependeu de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Do mosteiro só se conservan algunhas dependencias. Destaca a porta de acceso en forma de arco decorado.

Son interesantes as lápidas sepulcrais de abades dos séculos XIV e XV.


A súa igrexa é un bo exemplo de arquitectura románica. Séculos XII e XIII. Destaca a súa tripla ábsida. No interior coloristas pinturas murais do século XIX. É moi interesante a súa contorna e a paisaxe na parte traseira do mosteiro.

SANTA MARÍA DE MONTEDERRAMO

MONTEDERRAMO

ORÍGEN / FUNDACIÓN: S. XII

ORIXE / FUNDACIÓN: S. XII




PUBLICACIÓN S
DEPUTACIÓN DE OURENSE

MONASTERIO CISTERCENSE

A este monasterio pertence el documento que nombra por primeira vez la Ribeira Sacra, documento con total seguridade falso, pero que dio nome en la época contemporánea a toda esta zona.

Fue un gran monasterio y en 1582 fue colegio de Artes y Filosofía, lo que acrecentó su importancia.

Su fachada sufrió muchas reformas, aparece hoy empequeñecida al lado de la inmensa iglesia. Interesa, sin embargo, ver el claustro de la Hospedería, del siglo XVI, de estilo plenamente renacentista, en el que destacan sus arcos de medio punto con medallones en las enjutas y friso decorado con rosetas. Otro claustro, llamado Reglar, está adosado a la iglesia. La comunicación entre ambos claustros se hace mediante un porche con bóveda nervada.

Tiene este monasterio una hermosa iglesia de estilo herreriano. En el interior son interesantes sus espléndidos retablos restaurados hace pocos años.

MOSTEIRO CISTERCENSE

A este mosteiro pertence o documento que nomea por primeira vez a Ribeira Sacra, documento con total seguridade falso, pero que deu nome na época contemporánea a toda esta zona.

Foi un gran mosteiro e en 1582 foi colexio de Artes e Filosofía, o que acrecentou a súa importancia.

A súa fachada sufriu moitas reformas, aparece hoxe empequeñecida ó lado da inmensa igrexa. Interesa, sen embargo, ve-lo claustro da Hospedería, do século XVI, de estilo plenamente renacentista, no que destacan os seus arcos de medio punto con medallóns nos sobrazos e friso decorado con rosetas. Outro claustro, chamado Reglar, está acaroado á igrexa. A comunicación entre ambos claustros faise mediante un soportal con bóveda nervada.

Ten este mosteiro unha fermosa igrexa de estilo herreriano. No interior son interesantes os seus espléndidos retablos restaurados hai poucos anos.

CASTILLO DE CASTRO CALDELAS CASTELO DE CASTRO CALDELAS

ORÍGEN / FUNDACIÓN: S. XII

ORIXE / FUNDACIÓN: S. XII



PUBLICACIONES

Cedido por el rey Alfonso XI a Pedro Fernández de Castro, Conde de Lemos, en 1336. En 1471 sufrió la destrucción por parte de los Irmandiños. En 1560 fue reconstruido por D. Pedro Osorio, Conde de Lemos. Permanece desde entonces ligado a sus descendientes.

En sus dependencias alberga una colección de etnografía, relacionada con los usos y costumbres de la comarca.

Dentro de este municipio es recomendable bajar al Valle de A Abeleda, aunque sólo sea por ver un bonito paisaje, allí hay restos de un antiguo monasterio, el de San Paio da Abeleda, cuya iglesia abandonada es un ejemplo notable del estilo románico. Pero hoy es una ruina en la que sólo merece la pena una portada del siglo XIV.

También existió un monasterio llamado San Xoán de Camba en el ayuntamiento de Castro Caldelas, hoy desaparecido.

Cedido polo rei Alonso XI a Pedro Fernández de Castro, Conde de Lemos, en 1336. En 1471 sufriu a destrución por parte dos Irmandiños. En 1560 foi reconstruído por D. Pedro Osorio, Conde de Lemos. Permanece desde entón ligado ás seus descendentes.

Nas súas dependencias alberga unha colección de etnografía, relacionada cos usos e costumes da comarca.

Dentro deste municipio é recomendable baixar ó Val da Abeleda, aínda que só sexa por ver unha fermosa paisaxe, alí hai restos dun antigo mosteiro, o de San Paio da Abeleda, cuxa igrexa abandonada é un exemplo notable do estilo románico. Pero hoxe é unha ruína na que só merece a pena unha portada do século XIV.


Tamén existiu un mosteiro chamado San Xoán de Camba no concello de Castro Caldelas, hoxe desaparecido.

SANTA MARÍA DE XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO

XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO

ORIGEN / FUNDACIÓN el primer dato que existe sobre este cenobio es del S.XII.
ORIXE / FUNDACIÓN o primeiro dato que existe sobre este cenobio é do S.XII.


PUBLICACIONS



MONASTERIO CISTERCENSE

Su fundación está relacionada con el Monasterio de Montederrama, de donde probablemente procediese su primera comunidad en el siglo XII. Después fue monasterio independiente hasta el siglo XV, año en que pasó a formar parte de Montederrama.

Sólo se conservan parte de sus edificaciones monásticas y su iglesia, que puede fecharse alrededor del siglo XIII, aunque no su fachada, que es neoclásica.

El monasterio medieval debió ser pequeño. El elemento que organiza la arquitectura de este monasterio es un claustro, que no se conserva completo. Es obra de los siglos XVI y XVII, de estilo renacentista. Un reloj de sol datado en 1663 mide el paso de las horas en el monasterio.

En este ayuntamiento está la aldea de Niñodagua, famosa por su tradición alfarera. Se puede visitar una colección de piezas realizadas en esa zona.

MOSTEIRO CISTERCENSE

A súa fundación está relacionada co Mosteiro de Montederrama, de onde probablemente procedese a súa primeira comunidade no século XII. Despois foi mosteiro independente ata o século XV, ano en que pasou a formar parte de Montederrama.

Só se conservan parte das súas edificacións monásticas e a súa igrexa, que pode datarse arredor do século XIII, aínda que non a súa fachada, que é neoclásica.

El monasterio medieval debeu ser pequeno. O elemento que organiza a arquitectura deste mosteiro é un claustro, que non se conserva completo. É obra dos séculos XVI e XVII, de estilo renacentista. Un reloxo de sol datado en 1663 mide o paso das horas no mosteiro.

Neste concello está a aldea de Niñodagua, famosa pola súa tradición alfeira. Pódese visitar unha colección de pezas realizadas nesa zona.